



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	27 de maio de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 19:35 ata as 22:35 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	Jose Ferreiro Fernandez	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ





## Concello de Guitiriz

33538075G	ivan morado corral	SÍ
-----------	--------------------	----

Non asiste Ángel Seoane Lamela co DNI 33310371T.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión anterior

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Sometida a votación a acta da sesión anterior de data 25-03-2021 é aprobada por unanimidade.

#### Expediente 483/2021. Modificación de Crédito

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

#### "ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2021.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en Crédito Extraordinario por importe de 198.417,65€ derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

**PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Crédito Extraordinario polo importe total de 198.417,65 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado íntegramente con Remanente de Tesourería para gastos xerais conforme ao detalle de





## Concello de Guitiriz

aplicacións e gastos que se indican de seguido:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE
342.61900	Mellora do entorno da piscina municipal "Sete Muíños"	30.000,00 €
160.61900	Reparacion e mellora de elementos funcionais da EDAR de Guitiriz	40.000,00 €
160.61900	Mellora de rede de saneamento entre rúa Lagoa e rúa Xermolos en Guitiriz	28.417,65 €
453.61900	Reparación de estradas e camiños municipais do termo municipal de Guitiriz	100.000,00 €
	TOTAL	198.417,65 €

### INCREMENTO EN INGRESOS

Aplicación	Descripción	Importe (€)
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerías	198.417,65 €

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

**TERCEIRO.-** O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP dí que estamos ante una modificación orzamentaria por un importe de 198.417,65 €, a súa vez repartidos en :

-Mellora do entorno da piscina municipal "Sete Muíños" por importe de 30.000,00 €  
-Reparación e mellora de elementos funcionais da EDAR de Guitiriz por importe de 40.000,00 €

-Mellora de rede de saneamento entre rúa Lagoa e rúa Xermolos en Guitiriz por importe de 28.417,65 €, sendo o 30% aportado polo concello e o resto pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Por certo, unha obra que comezou en novembro do ano pasado e que a día de hoxe non esta rematada.

-Reparación de estradas e camiños municipais do termo municipal de Guitiriz por importe de 100.000,00 €. Vemos que teñen urxencia pero o que non vimos é en que se van gastar eses 100.000,00 €, polo que agardamos que se lle dea preferencia as máis urxentes.

Vostede nos orzamentos presentaba 20.000 € para esas reparacións, pero como ten remanentes de tesouraría e pode gastalos pode facer estas reparacións.

O voceiro do BNG dí que vemos que estas actuacións son moi necesarias pero curtas porque analizando o estado das redes de saneamento do casco urbano de Guitiriz e Parga xa estaría xustificado. As redes de saneamento de Guitiriz e Parga son moi antigas e hai que renovalas canto antes, si se pode.

Con respecto as outras actuacións xa dixemos que as estradas secundarias da pena velas, polo que é unha boa inversión, aínda que curta.

A inversión na EDAR é fundamental para mellorar as augas que finalmente se verten



Cod. Validación: 6LETWWA65772AJAS9NCM97GH6 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 21



## Concello de Guitiriz

ao río.

Con respecto a ampliación da piscina dos Sete Muíños, aínda que necesaria, dende o BNG levamos tempo dicindo que o concello ten que pensar nun complexo deportivo acorde cos tempos que vivimos, no cal iría unha piscina climatizada para usala todo o ano. A ninguén se lle escapa que os nenos/as de Guitiriz para iniciarse na natación teñen que desprazarse a outras localidades.

Con respecto a modificación orzamentaria por crédito extraordinario debemos intentar dar saída a unha parte importante do remanente non vai ser que a partir do 2022 se adopten outras medidas e se nos vaia o aforrado. Tanto este ano 2021 como o anterior están suspendidas de aplicación as regras fiscais, débeda pública e regra de gasto, o obxectivo en principio é dotar as entidades locais de fontes de recursos suficientes para facer fronte a pandemia , polo que estamos de acordo co crédito extraordinario.

A Sra. Alcaldesa dí que eses 28.417,65 € que van para a mellora de saneamento non corresponde coa obra da que esta a falar o portavoz do PP. A obra da que fala vostede viña subvencionada unha parte pola Xunta de Galicia e empezouse en novembro do ano pasado e as condicións meteorolóxicas impediron que se levara a cabo toda seguida. Agora esta finalizada e que poida quedar en fincas que houbo que actuar irase solucionando agora, sempre co consentimento dos donos/as destas fincas.

Esta obra é a mellora doutra parte do saneamento, é outra obra distinta, como ben sabe non se pode licitar unha obra senón está o crédito aprobado.

Para reparación de estradas destinase 100.000,00€ que se suman aos casi 300.000 do Plan Único que se van destinar este ano para infraestruturas, pistas e estradas, posto que somos coñecedores de que non están ben e evidentemente seguiremos criterios obxectivos para arranxalas.

O orzamento do concello é o que é, non se dá chegado a todo pero nós a través das subvencións e das posibles incorporacións de crédito extraordinario e sen desatender as necesidade do gasto corrente do concello porque é verdade que o concello ten unha situación económica saneada, pero non podemos esquecernos dos gastos correntes mensuais que hai que atender, soldos traballadores, seguros etc.

Na segunda quenda o voceiro do PP dí que é verdade que todas as redes de saneamento, debido ao tempo que levan feitas, necesitan unha reparación.

En canto a esta mellora nesta rede de saneamento nós pensamos que era a mesma actuación, pero vexo que é unha actuación a maiores.

En canto a piscina do Sete Muíños, teño unha pregunta, o camiño que hai na piscina municipal vaise ocupar?. Que conste na acta que non temos ningunha memoria do que se vai facer na piscina, non sabemos que se vai facer co camiño de servidume que hai entre o aparcamento e a piscina.

O voceiro do BNG non fai uso da segunda quenda.

A Sra. Alcaldesa dí que as memorias das actuacións constarán nos expedientes correspondentes cando estea o crédito extraordinario aprobado e será cando teñan acceso aos expedientes.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

**Expediente 504/2021. Aprobación ou Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos**





## Concello de Guitiriz

administrativos

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

**" Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos. Expte: 504/2021.**

**Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.**

**Vista a providencia de alcaldía de data 20/05/2021 de incoación de expediente de modificación do artigo 7 da ordenanza reguladora da taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos publicada no BOP de Lugo nº 5 de data 7/01/2008.**

**Vistos o informes de secretaría e de intervención de data 21/05/2021.**

**Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.**

**Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.**

**Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 (punto 3) da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos que queda redactado da seguinte forma:**

**<<Artigo 7. Tarifas. Punto 3. COPIAS DE DOCUMENTOS**

**Por copias de plans existentes no Concello, por unidade e segundo o ser formato:**

DIN A4	0,75 euros
DIN A3	1,20 euros
DIN A1	1,50 euros

**Por cada m. ou fracción sobre un DIN A1: 3,61 euros**

**Por copias de documentación que non sexan plans: 0,12 euros**

**Por expedición, a instancia de parte de copias de informes policiais: 30,00 euros**

**Por expedición, a instancia de parte, de informes relativos a accidentes de tráfico: 100,00 euros>>**

**SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza se considerará definitivamente aprobada."**

**Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP dí que dado que as compañías aseguradoras son máis esixentes a hora de pagar os danos ocasionados nun accidente de tráfico e posto que o concello conta neste momento cun policía local é necesario engadir este novo punto do artigo 7 da ordenanza fiscal da taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos, que máis que unha modificación é unha ampliación do punto 3, xa que o resto segue igual, polo que imos votar a favor xa que o consideramos necesario.**

**O voceiro do BNG dí que en realidade é un engadido ao punto 3 do artigo 7, engadese a expedición a instancia de parte de informes relativos a accidentes, o resto da ordenanza non varia. Esta claro que era necesario esta taxa, en canto a**





## Concello de Guitiriz

**cantidade supoñemos que esta estudado e é a mais adecuada para o noso concello. A Sra. Alcaldesa dí que como comentamos na comisión informativa era algo que non estaba regulado e consideramos que si unha compañía de seguros solicita un informe é de recibo que pague por el. Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

### Expediente 490/2021.Mocion BNG rexeitamento nova proposta presentada por ADIF

**Desfavorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, que é lida polo voceiro do BNG é a seguinte:

**" MOCION DE REXEITAMENTO DA NOVA PROPOSTA PRESENTADA POR ADIF PARA A SUPRESIÓN DOS PASOS A NIVEL DE PARGA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Adif presentou recentemente ó equipo de goberno de Guitiriz un novo proxecto para eliminar os tres pasos a nivel que hai no casco urbano de Parga. Como de costume, volven a presentar un borrador de proxecto que divide a Parga en dúas e que sería o golpe definitivo para desfacer e acabar con Parga. O día 24 de abril en unha asemblea convocada pola plataforma "Parganonsedivide" cunha presenza moi importante de veciñas e veciños de Parga decidiron por absoluta maioría rexeitar este novo proxecto. Non é a primeira vez que dende Adif propoñen algo semellante ó que propoñen agora; xa houbo proxectos similares e algún aínda mais ambicioso, pero non deixa de ser unha maneira máis de dividir Parga en dúas, como todas as propostas anteriores. Todos estes proxectos, se atoparon coa oposición veciñal porque saben que aceptar algunha proposta destas sería a morte da vila. Parga xa nunca mais sería a mesma que coñecemos.

Porque dende Adif, volven a incidir en solucións que son prexudiciais para Parga, sabendo que será rexeitada pola veciñanza?

Véñeno dicindo os veciños e veciñas de Parga dende hai moitos anos, dende o BNG apoiamos esta postura porque non queremos desfacer Parga nin acabar coas súas feiras que son un dos seus sustentos mais importantes, Parga leva case 150 anos vivindo o carón da vía do tren e foi subsistindo. Si o problema para ADIF son os pasos a nivel, que fagan unha variante e saquen a vía do centro da vila, e se non é posible que deixen todo como está e non intenten mais a división do pobo.

Aínda así, entendemos que a seguridade é un ben irrenunciable que non podemos obviar. A supresión dos pasos a nivel é un obxectivo vital que non imos rexeitar. Mais non pode ser deste xeito. Non ten sentido asegurar a seguridade dunha vila enteira destruíndo a mesma.

Dende o BNG presentamos unha proposta no ano 2018 para sacar a vía do centro de Parga nunha proposta ambiciosa que modificaría o trazado da vía dende a ponte da Retorta polo norte de Parga e conectaría outra vez coa vía actual á altura de Recimil e reduciría o tramo actual de cinco quilómetros, a tres quilómetros sete centos co novo trazado. E o máis importante: non dividiría a Vila de Parga.

Como todos sabemos este proxecto foi aprobado por unanimidade en Pleno pero rexeitado por ADIF e o único que volven a presentar é outro paso da vía, neste caso elevado, que segue dividindo Parga.

Si de verdade interesa por seguridade a supresión dos pasos a nivel, ese proxecto de variante que presentamos dende o BNG era a mellor forma de facelo. Si o que volve a





## Concello de Guitiriz

pretender ADIF segue sendo un globo-sonda coma o que presentaron anteriormente para saber o que pensa a xente, semella que volve a quedar perfectamente claro que se rexeita novamente.

Polo exposto o BNG presenta ao Pleno para a súa aprobación os seguintes acordos:

1º.- O Pleno do Concello de Guitiriz rexeita o novo proxecto de ADIF para a supresión dos pasos a nivel de Parga.

2º.- O Pleno do Concello de Guitiriz require de Adif un estudio de proposta de construción dunha variante ó trazado actual da Vía que non signifique a división da Vila en dúas metades. Este proxecto con levaría ademais a devolución dos terreos e instalacións que agora ocupa Adif aos veciños e veciñas para o seu desfrute público.”

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do PP dí que en principio dicir que tanto o PSOE, como o BNG e PP estivemos sempre de acordo en defender o do paso a nivel de Parga e non so iso, senón tamén o que quere a xente da vila de Parga.

Vostedes o do BNG queren se sempre protagonistas, utilizan eufemismos e montan un grupo chamado “Parga non se divide” e politizan a vila de Parga e alármana xa que hai moita xente que non entende o comportamento desta organización, quen pertence a esa asociación?, podería pertencer eu?, teño voz nela?, contéstolle eu, non porque penso de maneira distinta.

Os do Bloque levan todo traballado antes de expoñerllo a xente de Parga e fano de maneira camuflada.

Esta moción debe ser rexeitada pois non ten lóxica, so a presentan para sacar réditos políticos. O que vostedes piden xa esta recollido neste concello moitas veces, en moitos plenos por todos os concelleiros/as, incluído vostedes e iso que vostedes representan a minoría.

Hai que subliñar que a Sra. Alcaldes convocou ao Presidente do Monte Veciñal de Parga, o Sr. Porto Lamas, xa que el si representa ao pobo da vila de Parga, entre outras cousas porque funciona como unha asociación veciñal dende fai moitos anos. Vostedes puxeron a caer dun burro ao Sr. Porto Lamas por entrevistarse coa Sra. Alcaldesa e este señor ten tanto dereito como vostedes a expresarse libremente e ser recibido pola Sra. Morandeira. Vostedes os do BNG non son os mellores Parragueses, tampouco os peores, non son os mellores galegos aínda que tampouco os peores. Todos os parragueses queremos o mellor para Parga e os que non pensamos como vós somos tan galegos e parragueses como vostedes e sentimos Galicia e Parga como vostedes ou mais.

As cousas que incumben a unha comunidade, neste caso a vila de Parga, débense facer por consenso, entre todos os grupos políticos, que foi o que se fixo sempre xa que somos os representantes lexítimos do pobo e nunca de maneira partidista como están a facer vostedes buscando réditos políticos.

A Sra. Alcaldesa dí que non vou entrar a debater esta moción xa que non ten razón de ser posto que ADIF no presentou de modo oficial ningún proxecto no concello.

Eu falei cos técnicos que redactan os proxectos para ADIF e froito desas conversas informais mandáronme ao meu email particular, non ao do concello, un proxecto. Como alcaldesa, tiven a ben de informar aos colectivos que eu considerei que debían estar informados, entre eles os portavoces dos grupos políticos municipais. Nesa reunión acordamos, entre outras cousas, intentar contactar con ADIF para saber de primeira man cal era a súa idea, para logo poder actuar en conxunto en defensa do pobo de Parga.

O que me pareceu unha utilización partidista desa reunión, que vostede Sr. Gonzalez Souto foi como portavoz do BNG e logo utilizouno en beneficio do seu partido. Vostede acudiu como representante institucional dun partido ao concello de Guitiriz a unha reunión institucional, igual que o Sr. Teixido, e logo saíu desa reunión e faltoulle ao respecto a esa institución utilizando de forma partidista a información proporcionada nela.





## Concello de Guitiriz

En definitiva eu non vou a entrar a debater algo que non existe, xa que non existe unha proposta formal de ADIF dun proxecto para os pasos a nivel o único que segue vixente é o de xuño de 2018 e xa foi rexeitado por toda a corporación.

O voceiro do BNG dí que en primeiro lugar lémbrolle que a reunión que mantivemos os tres portavoces creo que foi a petición miña.

Non houbo unha utilización partidista, na asemblea respectei o que acordamos na reunión, por iso non fixen ningunha intervención. Aínda así na Comisión do Pleno o BNG propúxolles participar nesta moción e contestaron que esta proposta era unha forma de aproveitarse da cidadanía de Parga. Si quixeramos aproveitarnos, cren que lles ofreceríamos participar na moción?. Nós cremos que é totalmente ao revés e aínda segue vixente a proposta, solo habería que cambiar na iniciativa da moción presentada pola corporación municipal.

O certo é que no ano 2018 presentamos unha moción para rexeitar a proposta de ADIF e propoñer unha variante para sacar a vía do Centro de Parga, como agora, con esta nova moción que é practicamente a mesma, para rexeitar o novo globo-sonda que presenta ADIF e que segue a dividir a Parga en dúas. O BNG o que esta a facer e trasladar ao Pleno o pensar dunha gran maioría de habitantes de Parga xa que senón o facemos nós ninguén o fai e non o dubide se volve haber outro globo-sonda deste tipo imos a seguir rexeitándoo.

O día 24 de abril na asemblea de Parga o único representante da corporación municipal foi este concelleiro do BNG, e saben porque fun o único? Porque a nós preocúpanos os problemas dos cidadáns.

Esto é unha nova tomadura de pelo, os veciños/as de Parga non queren ningún proxecto para eliminar os pasos a nivel que leve consigo a ruptura de Parga, queren unha variante que saque a vía do centro de Parga e si non pode ser que melloren a seguridade dos pasos actuais e a deixen como esta para seguir estando unidos.

Dicirlle ao portavoz do PP, que si fomos protagonistas non propoñeríamos presentar a moción en conxunto, é totalmente ao revés.

En canto ao Presidente da Comunidade de Montes, en relación ao reunión que tivo coa Sra. Alcadesa, fixo algunha asemblea?, informou aos comeneiros do que falou con ela?. Nin tan sequera informou aos comeneiros, cre que pode pasar iso?

Segue aberta a proposta e podemos facer a moción conxunta.

O voceiro do PP dí que no ano 2018 xa se aprobou unha moción como esta polos cinco grupos políticos que había nese momento. Ninguén vai ir en contra dos veciños/as de Parga e de ningún outro sitio, para iso estamos aquí, cada un cos seus representantes para defender aos nosos veciños/as, ninguén quere que Parga se divida, todos sabemos que é un motor económico para Guitiriz. Podemos retirar esta moción e preparar entre todos/as unha moción conxunta.

A Sra. Alcadesa dí que estamos aquí para defender os intereses de todos/as os/as veciños/as do concello.

En relación a moción, si vostede tivera tanto interese en presentala con toda a corporación municipal deberíao de propoñer antes. O que vostede recolle na moción de "medidas de seguridade" expúxeno eu na reunión que tivemos os tres e vostede apropiouse dela, pero teño que recoñecer que o mérito é dos veciños/as que se puxeron en contacto comigo para dicirme que podía ser unha boa medida.

Con respecto ao que di vostede do presidente da Comunidade de Montes de Parga, en relación a que non fixo ningunha asemblea, dicirlle que nestes momentos as asembleas de comunidades de veciños/as continúan prohibidas, non sei as asembleas das comunidades de montes.

Quero deixar claro que non existe ningunha proposta de ADIF, a única rexistrada no







## Concello de Guitiriz

concello e a do ano 2018, e dicir, esta moción é sobre algo que non existe. O voceiro do BNG dí que teñen a proposta enriba da mesa para facer unha moción conxunta para o próximo pleno pero esta non a vou retirar, o único que pide esta moción e botar para atrás algo que non queren os veciños/as de Parga. Vostede o único que ten que facer é non preocupar aos veciños/as de Parga.

Responde a Sra. Alcadesa para dicir que precisamente como non quería preocupar aos veciños/as foi polo que convoquei as reunións con quen a min me parecía me podía axudar a ter información clara e veraz e de primeira man de ADIF para logo transmitirla aos veciños/as. Foi vostede e a "Plataforma Parga non se divide" os que preocuparon aos veciños/as.

En definitiva, se quere traer unha moción conxunta ao pleno o que ten que facer é retirar a que trae hoxe.

**Sometido o asunto a votación non acada a maioría necesaria para a súa aprobación sendo o resultado: 1 voto a favor do grupos BNG, 4 abstencións do grupo PP e 7 votos en contra do PSOE.**

### Expediente 491/2021. Moción BNG proxecto eólico "Pena Ombra"

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

"MOCION SOBRE O PROXECTO EÓLICO "PENA OMBRA" NOS CONCELLOS DE CURTIS, SOBRADO E GUITIRIZ  
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste nestes momentos a un boom eólico desenvolvido sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural. Situación a que a provincia de Lugo e Guitiriz en concreto non é alleo.

Hai un evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor do cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas legislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais.

Despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes. Desde a entrada de Núñez Feijóo como presidente da Xunta no ano 2009 ata o ano 2018 non se instalaram en Galiza nin 300 MW. No 2019, nun só ano, puxéronse en marcha 19 parques e 400 MW mais instalados, un número maior aos instalados na década anterior. Este desenvolvemento que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación e sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar.

Galiza é un dos territorios que dispón de menor protección contra os eólicos, xa que os espazos da Rede Natura 2000 son os únicos non susceptibles de se converter en estacións desta enerxía renovable. Esta norma entrou en vigor hai apenas unha década





## Concello de Guitiriz

coa aprobación da lei 8/2009, cando xa se construían parques en espazos protexidos. Temos a Rede Natura 2000 mais ridícula do Estado Español, apenas se protexe 10% do territorio, e o PP na Xunta no

Dende o BNG defendemos a descarbonización progresiva e a transición enerxética da man das renovábeis, pero temos que criticar o modelo actual. O Ibex 35 non pode marcar o paso das enerxías, a economía circular e os compromisos ecolóxicos son unha nova escusa da Xunta para agochar os seus intereses empresariais. No sector da enerxía eólica impera a lei da selva por mor da falta de regulación. Primeiro sacaron a lei de depredación e hai dous meses a lei de simplificación administrativa, polo que está claro que se busca pasar por riba da lexislación ambiental e recortar as garantías dos espazos protexidos. A aprobación destes textos lexislativos ten como fin facer a Galiza mais atractiva para o sector eólico. Xa exportamos un terzo da enerxía que producimos, de verdade que precisamos mais?

A partires de agora a enerxía que se produza na Galiza non pode seguir sendo un espolio das grandes empresas, no BNG apostamos por un Plan eólico público xusto sostible, e participativo dos recursos, que xere riqueza no territorio. Apostamos por unha empresa pública para garantir un retorno dos beneficios para os cidadáns. Desgraciadamente a Xunta está do lado das multinacionais, cuxo único obxectivo é mellorar a súa conta de beneficios, e abrir as súas portas xiratorias para todos os que facilitaron as concesións eólicas.

Polo exposto con anterioridade, o BNG de Guitiriz propón ao Pleno se adopten os seguintes acordos en demanda dunha clara mellora na implantación deste Parque eólico:

1º.- Instar a Xunta de Galiza a desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigación, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.

2º.- Instar a Xunta de Galiza se realice unha fiscalización deste proxecto que se está tramitando nos concellos de Curtis, Sobrado e Guitiriz co fin de determinar actos constitutivos de fraude de lei por seren fragmentacións de proxectos que comparten localización e infraestruturas con outros tres parques eólicos que se pretenden construír por Greenalia en Aranga, Oza-Cesures e Coiros, e que polo tanto deben ter unha avaliación conxunta como un único proxecto, emprendendo as accións oportunas para impedir esta fragmentación.

3º.- Demandar do goberno da Xunta que desbote a elaboración do documento de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental do parque eólico Pena Obra pola grave e irreversible afectación sobre a calidade paisaxística, a fragilidade e a vulnerabilidade ambiental nas fases de construción, explotación e desmantelamento, pola afectación que ten sobre as ampliación da Rede Natura 2000 no cordal da Cova da Serpe, e polo grave prexuízo ambiental, económico e social.

4ª.- Instar a Xunta de Galiza a mellora da información dispoñíbel a través do Rexistro Eólico Galego modernizándoo e incorporando o acceso áxil a toda a información relacionada (proxectos, prazos, resolucións do DOG, mecanismos de consulta, identificación dos axentes promotores, características da instalación, etc.) de forma clara e intuitiva e que garanta unha verdadeira política de transparencia, información e participación cidadá.





## Concello de Guitiriz

5ª.- Que o concello de Guitiriz se comprometa a desenvolver cantas actuacións sexan precisas para a paralización de proxectos contrarios aos intereses ambientais, económicos e sociais do concello, e a desenvolver cantas actuacións sexan necesarias para favorecer a transparencia, a información e a capacidade de negociacións das persoas propietarias e Comunidades de Montes."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do PP dí que vostedes din que Galiza asiste nestes intres a un boom desenvolto segundo adecuada planificación e vixianza publica baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural e nós cremos que iso non é así. Vostedes utilizan de maneira cotiá hipérboles en todas as súas manifestacións que é ao que estamos afeitos , ou esaxeran ou non a todo.

Dicirilles que o desenvolvemento do sector eólico en Galiza esta regulado tanto por leis estatais como autonómicas, tales como a Lei 24/2013 do sector eléctrico e RD 413/2014 de 6 de xuño polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables.

A Lei do 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa e o seu regulamento, decreto do 26 de abril de 1957, están tan ben feitas esas leis que aínda están vixentes hoxe en día.

O Plan Nacional Integrado, o Proxecto de Lei de Cambio Climático, Estratexia de Transición Xusta din que Galicia é un dos territorios que dispón de menor protección contra os eólicos xa que os espazos da rede natura 2000 son os únicos non susceptibles de se converter en estacións de enerxía renovable. Isto non é así, o artigo 32 da Lei 8/2009 di que quedan excluídos da implantación de novos aerogeneradores aqueles espazos naturais declarados como zonas de especial protección dos valores naturais por formar parte da Rede Natura 2000.

Di vostede Sr. Gonzalez Souto na moción que queren un Plan Eólico Publico xusto e sostible, e participativo dos recursos, que xera riqueza no territorio e instan a Xunta de Galicia a desenvolver un novo marco regulatorio que incremente as garantías sociais, económicas e medioambientais cunha participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicatos...). O que pretenden os do BNG é protagonismo, dígame que pintan os sindicatos nisto?, dígollo eu, pretenden meterse ata no plan sectorial dos eólicos. Xa participan os concellos, as parroquias a través dos montes veciñais en man común e as persoas de forma individual que son propietarios de montes e fincas, como as empresas privadas que posúan terreos destinados para tales fins.

A lexislación galega permite que tanto concellos como as comunidades de montes veciñais en man común poñan en marcha parque eólicos xa que estes supoñen crear posto de traballo e riqueza no rural. Temos 180 parque eólicos, unha potencia de 2800 megavatios coa previsión de desenvolver 450 megavatios ao ano ata o 2030.

O ano pasado puxéronse en marcha 18 proxectos, 415 megavatios traducidos nun investimento de 509 millóns de euros creando durante a fase de construción preto de 2400 empregos directos, xa por non falar dos indirectos.

Teño que dicir que tanto no proxecto dun parque como das liñas eléctricas de evacuación ten que haber un estudo de impacto ambiental, os promotores teñen que presentar, entre outros documentos, un estudo de sinerxías ambientais coas infraestruturas existentes na zona que estean en funcionamento mais tamén coas que estean previstas e en tramitación para poder realizar un análise ambiental conxunta.

En Galicia os proxectos eólicos tramítanse con total transparencia e con información pública e calquera persoa pode presentar as alegacións que considere oportunas e serán tidas en conta, xunto cos informes dos organismos sectoriais en función das afeccións do





## Concello de Guitiriz

proxecto.

Con respecto a implantación de novos parques eólicos, esta a Lei 8/2009 do 22 de decembro e saiba que dende o 1 de abril do 2014 esta prohibida a instalación e restrinxida a repotenciación dos parques eólicos nos espazos pertencentes a Rede Natura 2000.

Con respecto aos montes onde existen bens patrimoniais e culturais susceptibles de ser protexidos para eso están as leis estatais e autonómicas e regulamentos municipais que protexen o patrimonio cultural e dende a Dirección Xeral de Patrimonio adoptaranse as medidas correctoras necesarias para unha adecuada protección dos bens atopados.

Para rematar dicir, que tramitar non significa autorizar e moitos dos proxectos quedan no camiño e outros grazas as alegacións presentadas polos cidadáns teñen que modificarse.

A Sra. Alcadesa dí que as enerxías renovables son a mellor opción para obter enerxía eléctrica pero tamén é verdade que non se trata de encher todo o territorio de Galicia con estes parques eólicos.

Os parques eólicos repercuten directamente nos orzamentos do concello, este concello cobra de IBI mais de 100.000 €/ano, que é unha cantidade importante.

O Sr. Feijoo cando chegou a Xunta de Galicia o primeiro que fixo foi anular o concurso eólico pero é verdade que dende o ano 2008 ao 2018 en Galicia so se instalaron 277 megavattios de potencia eólica. Durante esta década o goberno do PP relentizou a implantación todo o que puido de parques eólicos, non apostou polas renovables e tampouco aproveitou o tempo para legislar e determinar cuestións clave como pode ser a protección dos espazos da Rede Natura, os criterios de distancia do aerogeneradores, as vivendas ou zonas habilitadas e as figuras de protección e asesoramento dos propietarios forestais de cara as negociacións coas empresas de aerogeneradores.

Todo isto é a realidade e creo que o que me toca defender ante a Xunta é a modificación da regulación do canón eólico, o fondo de compensación ambiental que repercute nos concellos que teñen parques eólicos. Esta regulación fíxose de xeito que soamente un 50% repercute directamente nos concellos e o outro 50% , que teoricamente sería para que a Xunta fíxese proxectos que repercutisen neses concellos, non se esta a facer así, creo que si é no rural onde maioritariamente se implantan estes parques eólicos debería ser o rural o que maioritariamente recibise os proveitos da implantación destes parques.

Nós como partido temos un novo modelo eólico para Galicia que gustaríanos que se estudia e fose implantado pero non é competencia do concello.

Sen profundizar moito na lei, si que é verdade que se pode ver algunha forma de escatimar a legalidade en canto a redes de evacuación, formulacións de potencia e habería que incidir nos estudos de impacto ambiental para que se fagan de forma correcta.

As enerxías renovables son unha fonte de ingresos para o rural e si se veñen a implantar aquí deberían repercutir máis directamente no noso ámbito, polo cal creo que onde hai que incidir é na modificación do canón eólico e no fondo de compensación ambiental que o esta a utilizar a Xunta de xeito partidista para darlo aos concellos que a eles lles interesa e por suposto que a lei sexa clara e se cumpra con estrita legalidade.

En canto a moción, dicir que o punto quinto dos acordos, este concello non ten nin capacidade técnica nin de recursos humanos para comprometermos con iso y despois non poder cumprilo. Por eso nós propoñemos modificar este punto 5º e así poder votar a favor da moción.

Na segunda quenda o voceiro do BNG dí que segundo teño anotado o concello é propietario dunha parcela (parcela 23 do polígono 277) e a Comunidade de Montes de Mariz ten cinco parcelas afectadas de forma indirecta.

O que máis afectaría ao noso concello sería o impacto visual, impacto destrutivo e ambiental.





## Concello de Guitiriz

A ninguén se lle escapa que o negocio da enerxía eólica é un dos máis prósperos de Galiza, alcaldes e políticos do PP son protagonistas a diario na prensa, son os que teñen as grandes empresas que traballan arredor das enerxías renovables.

Co fin de fomentar a implantación destas infraestruturas no territorio galego o PP impulsou no Parlamento Galego a lei de simplificación administrativa e apoio a reactivación económica. O texto entre outras reduce a tramitación para aprobar un parque eólico de 23 a 12 meses e o prazo para consultar o expediente e realizar alegacións de 30 a 15 días, e dicir o que buscan é que os afectados non teñan tempo para consultar e mesmo alegar calquera cuestión.

Teño que dicir que o BNG de Guitiriz xa presentou unha alegación sobre este parque eólico.

O Observatorio Eólico de Galicia (OEGA) xa alertou en numerosas ocasións que a raíz da aprobación da Lei de 2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais, as empresas promotoras non están obrigadas a xustificar nada.

O pensamento da utilidade pública depende da planificación enerxética de recursos naturais de Galicia a cal establece a prevalencia absoluta dunha instalación eléctrica sobre os intereses do monte comunal.

Galicia é utilizada como un espazo de produción enerxética dende fai moitos anos. O Presidente da Xunta non quere falar disto o que quere e encher Galiza de parques eólicos pero non a través dunha empresa pública que de riqueza ao noso país senón entregando o noso territorio a empresas privadas ou a fondos estranxeiros e inversión que levan lonxe de nos as súas ganancias.

Por outra banda, todas as infraestruturas que superan os 50 megas de potencia deben ser tramitadas a través do Ministerio de Transición Ecolóxica, e dicir, o que se fai aquí e fragmentar os megas proxectos en proxectos pequenos inferiores a 50 megas para sacar adiante dende a Xunta as avaliacións de impacto ambiental. Senón se consentiran estas fragmentacións, como sucede aquí, estaríamos falando dun estudo de avaliación de impacto ambiental mais potente.

O voceiro do PP dí que estamos a falar dunhas competencias que o concello non ten, os concellos non teñen competencia nisto.

Vostedes tanto o BNG como o PSOE, gobernaron na Xunta fai uns anos e xa había muíños de vento, fixeron algo cando gobernaron?

Estamos protestando por estes tendidos pero nunca oín a ningún grupo protestar polos tendidos eléctricos que hai en todas as parroquias.

Dende aquí quero facerlle unha pregunta ao Sr. Pereira, o alcalde de Muras (BNG) sabe o contento que esta a xente de Muras grazas aos eólicos que hai alí?, sabe canta xente se mantén en Muras grazas aos eólicos?

Os primeiros que deben dicir algo son os veciños/as das parroquias mediante as asociacións de montes comunais en man común ou ben mediante as asociacións veciñais, en caso de existir, e os propios particulares. Digan o que digan, xera riqueza tanto para as parroquias como polo canón eólico, aínda que estamos de acordo en que debería pagarse polo número de megavatios que produce cada muiño de vento.

En definitiva, non é cousa do concello, sería cuestión que se reunirán as tres forzas políticas máis importantes de Galicia (PP, PSOE e BNG) a nivel autonómico e que se puxeran de acordo pero nosoutros non xa que non temos competencias.

A Sra. Alcaldesa dí que léolle como quedaría redactado o punto quinto: "Que o concello de Guitiriz se comprometa a desenvolver cantas actuacións sexan precisas para o control de proxectos defendendo os intereses ambientais, económicos e sociais do concello, e a desenvolver na medida das súas posibilidades as actuacións necesarias para favorecer a transparencia, a información e a capacidade de negociacións das persoas propietarias e





## Concello de Guitiriz

### Comunidades de Montes”

Xa que estamos de acordo podiamos instar a Xunta a esa modificación do canón eólico e do fondo de compensación ambiental xa que sería importante para o noso concello que a Xunta modificara esa norma que aplica o canón por muiño e non por produción eléctrica, e así o noso concello sería un gran beneficiado. Invítovos a que faledes co voso grupo político no Parlamento Galego e lles propoñades esa modificación.

O voceiro do BNG dá a súa conformidade a modificación do punto quinto que propón a alcaldesa.

**Sometese o asunto a votación enmendándose o punto quinto do dictame da comisión informativa que queda redactado do seguinte xeito: "Que o concello de Guitiriz se compromete cos medios de que dispón a desenvolver as actuacións precisas para o control dos proxectos, defendendo os intereses ambientais, económicos e sociais do concello e desenvolver na medida das súas posibilidades as actuacións necesarias para favorecer a transparencia, a información e a capacidade denegociación das persoas propietarias e Comunidades de Montes." O asunto e aprobado con 7 votos favorables do grupo PSOE, 1 voto favorable do grupo BNG e 4 abstencións do grupo PP.**

### Expediente 502/2021. Mocion PSOE Centros de Saúde do Concello de Guitiriz

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

**"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), SOLICITANDO Ó SERGAS A RECUPERACIÓN DA ACTIVIDADE NO CONSULTORIO DE PARGA, E A COBERTURA NO PAC E NO CENTRO DE SAUDE DE GUITIRIZ DAS VACANTES EXISTENTES, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE GUITIRIZ.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Xa fai máis de un ano que a pandemia da COVID-19, chegou ás nosas vidas e fixo que todo cambiase. Todas as administracións tivemos que tomar decisións apresuradas priorizando a saúde dos nosos veciños e veciñas por encima de todo.

Neste contexto o Equipo de Goberno deste Concello aceptou a proposta de peche do Consultorio Médico de Parga, proposto polo SERGAS, pensando fundamentalmente no persoal que desempeñaba a súa labor neste centro.

O Sergas adquiriu o compromiso de reabrir o Consultorio, sempre dixo que ese peche non era definitivo.

Un ano despois ese Consultorio sigue pechado, e as consecuencias de ese peche recaen principalmente nos veciños e veciñas do noso Concello que non están a ser atendidos como deberían.

O noso Concello ten unha poboación de case 5500 habitantes, e antes de comezar esta pandemia, tiñamos 5 médicos de atención primaria, 3 no Centro de Saúde de





## Concello de Guitiriz

Guitiriz e 2 no Consultorio de Parga. Contamos tamén cun médico pediatra, pero non a tempo completo, compartímolo con outros Centros da Terra Chá.

Con esta dotación tanto as vacacións, ausencias puntuais como baixas médicas eran cubertas polos profesionais dos nosos Centros, contando solo con reforzos puntuais.

Neste último ano un dos médicos de Atención Primaria que tiña a súa praza en Guitiriz, cumpre a idade legal de xubilación e deixa de prestar servizos no mencionado Centro. Esta praza non se cubre. Recentemente o Sergas publica un concurso para cubrir diversas vacantes nos Centros de Atención Primaria, pero non publica a do noso Centro de Saúde polo tanto non vai a ter un titular que preste os seus servizos a diario (nos últimos meses, cubriuse puntualmente con unha interinidade, pero o Sergas desaproveita a oportunidade de que os veciños de Guitiriz conten con un facultativo que desempeñe o seu traballo con carácter definitivo no noso Centro de Saúde).

Por outra banda un dos facultativos do Consultorio de Parga, está de baixa médica, o Sergas tampouco envía un substituto para cubrir esta praza.

Con todo isto, estas últimas semanas, no noso Concello danse situacións que provocan que os titulares das prazas teñan que desempeñar o seu traballo nunhas condicións nefastas para eles e para os veciños e veciñas do Concello.

Hai xornadas nas que solo se conta con un titular do noso concello. O Sergas envía un facultativo de apoio, pero está a suceder que, fai un ano pasaban consulta 5 facultativos a diario na actualidade hai días que solo temos 2, pasando as consultas.

Dende a Xunta empezase a presionar ós Médicos de Atención Primaria para que retomen as Consultas Presenciais (falando incluso de produtividades por porcentaxes de consultas),

pero para poder atender presencialmente ós pacientes fan falta facultativos e hoxe en día no noso Concello non contamos cós efectivos necesarios para que isto poida suceder.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Guitiriz propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia que o Consultorio de Parga retome a actividade completa que se viña desenrolando antes da pandemia, recordamos que todo o persoal sanitario está vacinado, e igual que se está a retomar a normalidade noutros ámbitos, no ámbito sanitario é necesario facelo xa.

2. Instar á Xunta de Galicia á que dote os Centros de Atención Primaria do noso Concello có persoal sanitario suficiente para dar cobertura á poboación deste Municipio, e dicir debemos dispoñer de cinco facultativos 3 asinados ó Centro de Guitiriz e 2 ó de Parga."

A Sra. Alcadesa, tras ler a moción dí que creo que sendo responsables e medianamente conscientes da situación que se esta a vivir no Centro de Saúde de Guitiriz deberíamos unir forzas e conseguir que o SERGAS cubriase as prazas vacantes do Centro de Saúde de Guitiriz e reabrise o Consultorio de Parga.

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do PP dí que estamos totalmente de acordo cos dous puntos da moción.

O Voceiro do BNG dí que está claro que temos que reclamar ao SERGAS que abra o Consultorio de Parga. Aproveitaron a crise do Covid para recortar en toda a atención primaria e en concreto a nós co de Parga encima con engano. Tiña que ser totalmente ao revés, temos unha poboación cada vez mais envellecida e unha poboación dispersa, que no caso de Parga reside en Pedrafita, Sambreixo, Santa





## Concello de Guitiriz

Leocadia, teñen o dobre de distancia para desprazarse ao Centro de Saúde de Guitiriz. Non podemos quedarnos quietos, foi unha mentira aproveitada e a drede. O de recortar persoal nos centros médicos xa vén de atrás, levamos unha década onde esta práctica é habitual e agora coa implantación da consulta telefónica é mais notorio. Por qué dende o SERGAS ou dende a Xunta en vez de presionar aos médicos de atención primaria para que retomen certo porcentaxe de consultas presenciais, non eliminan as consultas telefónicas?, porque non queren.

Vemos que foi e segue sendo mentira todo o que nos din día tras día, quérennos convencer de que non hai nin houbo recortes na sanidade. O Presidente da Xunta esta acusando e atacando aos profesionais do SERGAS, trasladándolle a cidadanía a falsa idea de que os médicos non están comprometidos coa atención necesaria aos cidadáns.

Xa por ultimo lembrar que este ano pese a pandemia ornamentáronse para atención primaria 45 millóns menos que para o ano 2009 por iso propoñemos que se destinen dos orzamentos o 25% a atención primaria.

A Sra. Alcadesa dí que está claro que o SERGAS ten que poñer solución xa e reabrir o Consultorio de Parga xa que é vital para os intereses da Vila de Parga e para os habitantes do Concello de Guitiriz e sobre todo para que os médicos que desenvolven o seu traballo no noso concello podan facelo en condicións óptimas para proporcionar unha atención sanitaria adecuada a nosa poboación.

O voceiro do PP dí que o que está a ocorrer neste momento en Galicia esta ocorrendo noutras comunidades autónomas. O partido PP de Guitiriz sempre estivo e estará de que Parga abra o Consultorio e que o Centro de Saúde de Guitiriz teña tres médicos e o de Parga dous. É evidente que non imos ir en contra dos nosos intereses.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

#### ROGOS E PREGUNTAS

##### ROGOS

Voceiro do grupo PP:

- 1.€€€€€ Se reparen as columnas do campo de festa de Pigara e se desbroce a herba onde esta o parque infantil e bio-saudable no mencionado campo?
- 2.€€€€€ Que nas zonas onde se atopan os contenedores de cartón e vidro se limpe o chan e se desinfecten pois hai bastante bichería e unha sucidade considerable.







## Concello de Guitiriz

- 3.€€€€€ Que se faga unha desratización nos sumidoiros xa que hai zonas onde hai moitas ratas, incluso chegan a meterse nas casas.
- 4.€€€€€ Limpeza de beirarrúas e cunetas que se atopan cheas de maleza posto que consideramos que persoal suficiente no concello para facer estes traballos.
- 5.€€€€€ Se poñan en contacto coas empresas subministradoras de luz de Guitiriz xa que ultimamente estanse dando cortes de luz e prexudican as empresas particulares. Levamos como ano e medio ou dous anos onde hai cortes a calquera hora do día.
- 6.€€€€€ Se arranxe a Rúa San Xose en Parga xa que ten bastantes desperfectos na pavimentación.

### Voceiro do grupo BNG:

- 1.€€€€€ Se repoñan as luces que non aluman nas parroquias xa que o mantemento ten que facerse en todo o concello (na zona dos Vilares hai luces que non funcionan).
- 2.€€€€€ Que se recollan algúns vertidos incontrolados que hai por todo o concello, exemplo o camiño que vai da Ponte Cancela a Piñeiro.
- 3.€€€€€ Para que o concello xestione a reparación ou revisión do repetidor de sinais de TV de Parga, estanse a queixar os veciños/as.  
Intervén a alcaldesa para dicir que dende o concello xa se dirixiron a Xefatura Central de Telecomunicacións que xa emitiu un informe e pasáronllo a Xunta de Galicia.
- 4.€€€€€ Que lle comuniquen a Deputación o estado lamentable da estrada de Parga a Sambreixo-Pedrafita.  
Intervén a alcaldesa para dicir que esa estrada ten agora mesmo aprobada unha actuación de 60.000 € por parte da Deputación.
- 5.€€€€€ Rogamos que aínda que o concello non ten competencia se interese e reclame a Xunta para que se preste o servizo de coidadoras/es nos buses escolares con garantías porque actualmente estas coidadoras/es, dende que cambio a empresa están a facer o dobre de horas e as condicións de protección contra o Covid son moi precarias. E necesario reclamar que a empresa de transporte preste este servizo con garantías tanto para os traballadores como para os nenos e nenas.
- 6.€€€ Lembrarlles que nestes dous anos que levan gobernando o BNG trouxo o Pleno 62 rogos para intentar mellorar o concello. No foron capaces de chegar ao 8%, deberían repasar as actas destes dous anos, polo ben dos habitantes do concello.

### PREGUNTAS

#### Voceiro do grupo PP:

#### Preguntas do Pleno anterior do grupo PP:

- Cantos condutores hai para o Centro de Día?. Quen son?. Que horarios teñen?  
Resposta: a ruta da primeira hora da mañá faina Jesús, o encargado dos traballadores/as da nave e o resto da ruta faina Jesús Fonte, a de antes e despois de mediodía e a de última hora da tarde. Hai dous condutores posto que o transporte do Centro de Día empeza as oito da mañá e remata as sete da tarde, e inviable cunha mesma persoa faga ese horario.
- Que contrato ten a condutora do Centro de Día que había antes?





## Concello de Guitiriz

Resposta: o contrato desa condutora que fixo ese servizo o teño eu aquí e pode vir a velo cando queira.

-Que actuacións se fixeron na arqueta da Ponte Forxa xa que custou máis o modificado que o proxecto?

Resposta: para resolver o problema na arqueta da Ponte Forxa encargouse un proxecto, cando se ía executar ese proxecto coa empresa adxudicataria viuse que era mellorable o redactado inicialmente e encargouse un modificado xa que consideramos que xa que se ía facer era mellor facelo en condicións para que deixe de dar problemas e a persoa que redactou ese modificado cobrou por elo como non podía ser de outra maneira.

-Está cuberta a excedencia dun traballador do GES?

Resposta: agora mesmo hai tres traballadores que tiveron que se readmitidos con motivo das sentencias e hai tres traballadores en excedencia e a unha desas prazas adscribiuse provisionalmente outra traballadora que tamén tivo que ser readmitida.

-Para que foi o gasto de 605 euros de representación da Casa da Botica?

Resposta: pagouse o 9 de febreiro de 2021 e corresponde a execución do convenio multilateral entre concellos da provincia e a Deputación Provincial de Lugo para a contratación conxunta de defensa e representación nos procedementos contenciosos administrativos seguidos por SUPLUSA contra licitacións para a prestacións de atención de persoas maiores.

Este estaba feito con anterioridade a este equipo de goberno, pero como non rematara o procedemento, non enviarán a factura correspondente, tivemos que facer o pago cando nos fixeron o requirimento e mandaron a factura.

### Preguntas deste Pleno:

1. A solicitude presentada polo Partido Popular o 7 de maio de 2021, onde pediamos ver as facturas do combustible do coche de protección civil e os contratos dos condutores do Centro de Día, cando imos poder ter acceso a ela?

Resposta: esta toda a documentación recompilada e preparada para enviarlla a partir de mañá.

2. Empezouse a dar un curso as traballadoras do SAF no telecentro, pódenos dicir porque se parou e non se continuou?

Resposta: porque a persoa que estaba a dar o curso deu positivo en Covid e houbo que pechar a aula e facer as PCR correspondentes, cando se retome a actividade, retomárase o curso.

3. O vehículo de protección civil efectúa saídas de emerxencia ou prevención entre outras, cre vostede que é convinte que acuda a estas actuacións unha persoa soa cando esta a suceder unha emerxencia?

Resposta: dependerá da emerxencia. Todas as chamadas do 112 se atenden co persoal que está nese momento dispoñible.

Pregunta o portavoz do PP, si foi por iso que non acudiu ninguén ao incendio que houbo esta mañá detrás do edificio de Inalcuba?, ao que responde a alcaldesa que a ela o 112 non a chamou. Pode vostede chamar ao 112 e preguntarlles si se puxeron en contacto comigo e eu non os atendín.

4. Que modificación de prezos públicos se fixo nas escolas deportivas, foi a alza ou a baixa?

Resposta: non foi nin a alta nin a baixa, modificouse tendo en conta outras cuestións, pero no seguinte pleno dígolle exactamente o que se modificou.





## Concello de Guitiriz

O portavoz do PP pregúntalle a alcaldesa si llo pode mandar por correo electrónico e a alcaldesa responde que non hai problema.

5. Cantas papeleiras hai na ruta da auga, pensa que son suficientes ou cre que é necesaria algunha máis?

Resposta: non sei cantas papeleiras hai exactamente na ruta da auga pero tamén lle digo que si unha persoa non quere tirar un papel ao chan non necesita ter unha papeleira á beira. Non é cuestión de papeleiras, é cuestión de educación e concienciación.

6. Que tramos da ruta da auga están limpos/rozados neste momento?

Resposta: a parte que esta na zona urbana debe facer como tres semanas que se rozou, seguro que xa necesita que se desbroze outra vez. Dende o venres da semana pasada empezouse a rozar novamente dende San Alberte e esta semana desbrozouse ata Parga-Fonte Valdovín, hoxe comezouse dende o Muiño de Parga.

7. Cando van desbrozar a un sitio determinado, cantas persoas van?

Resposta: non sei que contestar a esa pregunta porque en función do que vaian desbrozar son eles os que deciden cantos son necesarios. Organízanse os traballos para a semana pero non estou alí xusto no momento que saen para traballar.

A miña obriga e darlle os traballadores/as os coñecementos en prevención de riscos laborais e os EPIS necesarios e eles teñen que ser responsables de actuar conforme a formación e os EPIS que se lles proporcionan.

8. Comezou o tractor do concello cos desbroces, en caso afirmativo qué estradas esta desbrozando?

Resposta: hai un plan de desbroces. O tractor pequeno está desbrozando neste momento e o grande está no taller, están facéndolle o mantemento.

9. A cantas pontes ou pontellas da ruta da auga púxoselles a rede metálica para evitar caídas?

Resposta: de momento púxoselle a unha para probar os resultados que dá e ao longo do verán poñerémolla a todas para evitar eses perigos no inverno.

10. A fochanca que hai na rúa Forxa e que leva tempo valada, teñen previsto arranxala?

Resposta: Si, hai un proxecto para arranxar a rede de saneamento desa rúa que vai con cargo a subvención do Fondo de Compensación Ambiental.

### Voceiro do grupo BNG:

#### Preguntas do Pleno anterior do grupo BNG:

- Había dúas preguntas pendentes que facían referencia ao mesmo: Ten o concello de Guitiriz algún convenio co concello de Begonte ou coa Confederación Hidrográfica? e Como estiveron traballando os traballadores do concello na limpeza do río Ladra no concello de Begonte?

Resposta: vou ler un informe que emitiu don Jose Manuel López Castro en calidade de Presidente da Asociación Deportiva de Pesca Río Ladra, en relación aos traballos de desbroce executados por operarios dese concello nos marxes do río Ladra ao seu paso pola parroquia de Pigara durante dúas xornadas en horario de mañá do mes de marzo actual ano 2021

*<<Conocida por esta sociedade la polémica llevada a cabo por algún grupo de la oposición de ese Concello y trasladada a un pleno municipal, en la que se*





## Concello de Guitiriz

*cuestionaba que dichos operarios realizaran labores de desbroce en el ámbito del Concello de Begonte, me permito informar que dada la imposibilidad de conocer los límites naturales a orillas de un río, pudiera existir la probabilidad de haber ejercitado dichos trabajos en unos cuantos metros dentro del límite del Concello de Begonte, al haber accedido al lugar donde se pretendía ejecutar los trabajos desde el molino conocido como el de Carballido.*

*En ningún momento fue pretensión de esta sociedad, a la cual represento, que los desbroces fueran realizados en otro término municipal distinto al de Guitiriz, exculpando del proceder a la Alcaldesa que depositó su confianza en nuestra dirección, y a la que se brindó amablemente con la única advertencia de que las labores se llevaran a cabo dentro de los lindes de la parroquia de Pígara, por lo que de existir algún tipo de responsabilidad, ésta sería de esta sociedad, cuya actuación, de ser cierta, fue totalmente involuntaria y sin mala fe.*

*Igualmente quisiera documentar a los incitadores de la polémica, argumentando que el artículo 533 del C C regula entre otros conceptos las zonas de servidumbre, estableciendo cinco metros de los márgenes de los ríos, es decir, zonas de dominio público, para uso y disfrute de cualquier ciudadano, carente y sin definición territorial, por lo que en aplicación del sentido común, resulta de una mezquindad sublime de alguien que dice representar a una parte de la población el llevar a un pleno una posible actuación desafortuna de una sociedad deportiva sin ánimo lucrativo.*

*Por todo ello en la próxima asamblea de esta sociedad, se dará traslado de dicha cuestión a todos socios asistentes a la misma y de los cuales y en gran medida pertenecen a ese Concello, a la vez que se le interesa a la Señora Alcaldesa se transmita este informe en el próximo pleno, igualmente me participe el grupo o grupos de la posición impulsores de toda esta iniciativa, al objeto de no desacreditar la labor de los que todavía creen en el buen hacer, dada que todo ello conllevó la paralización de las labores de limpieza que tan bien venían desarrollando los operarios.*

*Y para que así conste, firmo el presente el Outeiro de Reí a veintiséis de Abril de dos mil veintiuno.>>*

### **Preguntas deste Pleno:**

1. Segundo a prensa e a páxina web do concello vostede presentoulle ao Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social un proxecto para una escola infantil por detrás do pavillón e do colexio, vemos que ese camiño "Anta Dereita" está parcialmente en solo rústico. Vai modificar o plan para darlle servizo a escola infantil ou é algo que propoñen a longo prazo?

Resposta: o que lle presenteí ao Xerente do Consorcio, seguindo as súas instrucións xa que os seus técnicos determinaron que onde esta o PAI agora non é posible unha ampliación, foi unha memoria valorando o custe para a construción dunha nova gardería.

O proxecto sería dentro do recinto escolar e estou a espera dunha reunión coa Conselleira de Política Social para ver como se aborda o tema da financiación, unha vez resolto isto xa encamiñaremos todo o demais.

2. Estase facendo limpeza nos pavillóns dos colexios do concello?





## Concello de Guitiriz

Resposta: si, limpase por parte do persoal que teñen asignado os colexios para a limpeza e cando é necesario apoiase co persoal de limpeza do concello.

3. Considera vostede que o pavillón do colexio de Parga está en condicións hixiénicas para ser usado polos nenos e nenas da escola?

Resposta: a este pavillón fíxoselle unha reparación para evitar que entren os paxaros e para evitar as goteiras e límpase cando o solicita a directora da escola.

4. Estase pagando o consumo de electricidade aos veciños/as que fai uns anos o concello lles instalou o farol diante da casa enganchándollos ao contador particular de cada veciño/a?

Resposta: non se están pagando, estamos eliminando eses focos e facendo a conexión a iluminación pública, levamos xa varias actuacións e iranse facendo sucesivamente a medida que vaiamos dispoñendo de fondos.

5. Pode dicirnos si cre que vai estar rematada a residencia de maiores para agosto de 2022?

Resposta: segundo unha conversa mantida co Presidente da Deputación xa se mantivo unha reunión con Patrimonio para que este dixera as directrices que ten que cumprir o edificio e tamén se levou a cabo a contratación da elaboración do documento do proxecto básico para a modificación e recuperación da Casa da Botica, documento este que pide Patrimonio.

6. Esta a funcionar o portal "Línea verde"?

Resposta: a aplicación funciona e nós atendemos as peticións formuladas por línea verde.

7. Fixo o concello algunha xestión coas empresas eléctricas que abastecen a Guitiriz para eliminar ou minimizar os cortes de luza que hai ultimamente?

Resposta: mantiven contactos con Begasa e enviamos unha reclamación e espero que dean unha resposta.

8. Vemos que levaron a cabo en Buriz a recollida de plásticos agrícolas nas propias explotacións gandeiras como propuxera o BNG en varias ocasións. Como foi esa recollida e que vai facer cos cinco puntos de recollida que hai no concello?

Resposta: nós seguimos intentando que estean en condicións e estamos a facer todo o posible para que funcionen, o problema non é que se depositen os plásticos agrícolas senón que a xente tira o que non debe.

Mándolle por correo electrónico o número de toneladas que se recolleron e o número de explotacións atendidas.

En canto aos 5 puntos que existen non hai unha decisión tomada ao respecto.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

